



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE, E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE VERÁN PARA A PROMOCIÓN DO TALENTO DIXITAL NA MOCIDADE

Antecedentes

Segundo o artigo 9 do estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, a Amtega ten entre as súas competencias a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, será a encargada de xestionar as competencias en materia de xuventude que lle correspondían a anterior consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Entre elas, a xestión das actuacións en materia de xuventude, así como as políticas xuvenís de carácter interdepartamental e de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil; o fomento da participación da mocidade na vida social; a coordinación e a supervisión do funcionamento das instalacións xuvenís, tanto as propias da Consellería como as dependentes doutras entidades e a prestación da asistencia técnica necesaria para dar un servizo de calidade; así mesmo, correspóndelle o fomento da mobilidade xuvenil, dos intercambios xuvenís, tanto no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia como no resto do Estado e no ámbito internacional e correspóndelle, así mesmo, a dirección e xestión das actuacións en materia de voluntariado, a elaboración e o seguimento dos instrumentos de planificación, de rexistro, da xestión dos órganos colexiados e todas aquelas actuacións en aplicación da Lei galega 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria.



Razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos

A Amtega ten entre os seus obxectivos prioritarios, lograr un desenvolvemento efectivo da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma de Galicia, promovendo aquelas accións que faciliten e impulsen a incorporación de toda a sociedade aos novos recursos tecnolóxicos da información e das comunicacións e a implicación dos cidadáns galegos na utilización das novas tecnoloxías como factor xerador de novas capacidades, de emprego e de desenvolvemento económico.

O 3 de decembro de 2020 o Consello da Xunta aprobou a Estratexia Galicia Dixital 2030, co obxectivo de configurar un futuro dixital para todos e todas, contribuíndo ao aumento da calidade de vida e ao desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: económica, social e medio ambiental

Así, a Estratexia Galicia Dixital 2030 constitúe unha folla de ruta para apoiar a toma de decisións no ámbito dixital na próxima década que, sobre as bases construídas, contribúa a extrapolar ideas das tendencias globais actuais, explorar algunhas das incertezas clave que darán forma ao futuro de Galicia, e anticipar mellor algunhas das eleccións e decisións que poderemos afrontar nos próximos anos.

Así mesmo, no Consello da Xunta celebrado o 2 de febreiro de 2023 presentouse o Plan para o impulso da Inclusión, Capacitación e Talento Dixital de Galicia, DigiTalent 2030: Camiña en Dixital, que fusiona os anteriores Plan de Inclusión Dixital de Galicia 2020 e o Plan DigiTalent 2020 nun único instrumento estratéxico e toma o seu relevo para enfocarse no horizonte 2030 coa misión de acadar unha sociedade máis autónoma dixitalmente que non deixe a ninguén atrás. O novo plan alíñase co eixe estratéxico Sociedade Dixital e Inclusiva da Estratexia Galicia Dixital 2030 e está artellado en tres eixes estratéxicos: eliminar a fenda dixital, promover as competencias dixitais dos profesionais e impulsar as vocacións e o talento dixital avanzado en Galicia.

O eixo adicado ás Vocacións Científico-Tecnolóxicas conta coa liña de actuacións “Talento precoz no ámbito dixital”, para estimular o talento precoz no ámbito das



tecnoloxías da información e comunicación, así como fomentar o atractivo vocacional de profesións científico tecnolóxicas entre os máis novos. O obxectivo é promover iniciativas que fomenten o aumento das vocacións STEM, acrónimo derivado das iniciais en lingua inglesa das palabras ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas. Por iso, preténdese espertar, motivar e potenciar estas vocacións, estimulando desde idades temperás a curiosidade cara a este ámbito promovendo as destrezas tecnolóxicas pero tamén outras habilidades e capacidades como a dispoñibilidade dos valores éticos e a capacidade crítica para convivir na contorna dixital.

Impulsar a adquisición das capacidades máis avanzadas en torno ás novas tendencias tecnolóxicas, garantindo a súa utilización óptima e adquirindo as competencias necesarias para desenvovelas e utilízalas, proporcionará un impulso esencial á transformación dixital das nosas áreas de interese público e ao noso tecido empresarial.

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o desenvolvemento de actividades de verán para a promoción do talento dixital na mocidade.

A achega económica da Amtega ao abeiro deste convenio ten un carácter de interese público, xa que as actividades realizadas promoven as vocacións científico-tecnolóxicas e servirán para que nun futuro próximo a xuventude se adapte á demanda de novos perfís dixitais e así impulsar o crecemento dixital.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia financiará as accións deste convenio, ata un máximo de TRINTA E CINCO MIL EUROS (35.000,00 €) con cargo á partida orzamentaria 07.A1.571A.640.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Santiago de Compostela,

O xerente da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

José Luis Somoza Digón

